MU

# Manual de usuario

## CORPU SobreE

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

Xacobeo 2021

| CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN | | | |
|---|---|---|---|
| **NOME DO DOCUMENTO:** | CORPU SobreE-MU-v.02 | **VERSIÓN:** | 02.00 |
| **COD. DO DOCUMENTO:** | | | |
| **ELABORADO POR:** | | **DATA:** | |
| **VALIDADO POR:** | | **DATA:** | |
| **APROBADO POR:** | | **DATA:** | |

| REXISTRO DE CAMBIOS | | |
|---|---|---|
| **Versión** | **Causa da nova versión** | **Data de aprobación** |
| 01.00 | Elaboración inicial do documento | |
| 02.00 | Actualización do manual cos cambios da versión 1.8.4 | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

| LISTA DE DISTRIBUCIÓN (opcional) | | |
|---|---|---|
| **Nome** | **Número de copia** | **Área/Centro/Localización** |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

**CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE**
Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.

# Índice


1. INTRODUCIÓN....4

2. PRESENTACIÓN DO SISTEMA....5
   - 2.1. Requisitos de Hardware e software....5
   - 2.2. Perfís de usuario....5
   - 2.3. Acceso á aplicación....5

3. DESEÑO GRÁFICO DA INTERFACE DE USUARIO....6
   - 3.1. Menú da aplicación....6
   - 3.2. Área de traballo....6
   - 3.3. Menú de operacións....6
   - 3.4. Pé da aplicación....7

4. FUNCIONALIDADES DO SISTEMA....8
   - 4.1. Procedementos Abertos....8
     - 4.1.1. Inscrición en Procedemento (Sobre A)....9
       - 4.1.1.1. Datos da persoa solicitante....9
       - 4.1.1.2. Datos de notificacións....9
       - 4.1.1.3. Datos do procedemento....10
       - 4.1.1.4. Declaracións....10
       - 4.1.1.5. Documentación....11
       - 4.1.1.6. Comprobacións....11
       - 4.1.1.7. Protección de datos e lexislación aplicable....12
     - 4.1.2. Presentación de ofertas (Sobre B)....13
       - 4.1.2.1. Datos da persoa solicitante....13
       - 4.1.2.2. Declaracións....13
       - 4.1.2.3. Descarga das ofertas....14
   - 4.2. Área Persoal....15
     - 4.2.1. As miñas ofertas....15
     - 4.2.2. Meus expedientes....15

5. Axuda....16

6. FAQ´S DO SISTEMA....17

7. ANEXO I: GLOSARIO DE TERMOS....18

# 1. INTRODUCIÓN

Neste manual descríbense as funcionalidades do sistema de xestión de cortas públicas CORPU – Sobre electrónico, que permite presentar ofertas nos procedementos de alleamento dos aproveitamentos forestais en montes xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

# 2. PRESENTACIÓN DO SISTEMA

## 2.1. Requisitos de Hardware e software

Para operar co sistema CORPU SobreE os usuarios deberán facer uso dun equipo con conexión a Internet e que conte con un dos seguintes navegadores Web máis estendidos, na medida do posible coas versións máis recentes dos mesmos:

- ✔ Chrome
- ✔ Firefox
- ✔ Edge

Para mais información de requisitos necesarios para realizar toda xestión telemática necesaria en Sede Electrónica recoméndase consultar a propia Web de Sede Electrónica (Requisitos técnicos).

## 2.2. Perfís de usuario

O usuario que acceda ao sistema poderá presentar poxas nos lotes existentes.

## 2.3. Acceso á aplicación

O acceso a aplicación dende o navegador farase mediante a seguinte dirección url:

O usuario que acceda á aplicación ten dous sistemas de identificación:

- ✔ Mediante usuario e contrasinal: é necesario estar dado de alta no sistema Chave365 (máis información).
- ✔ Mediante certificado dixital(Persoa física ou xurídica): é necesario contar cun certificado dixital válido admitido pola SEDE Electrónica (máis información).



# 3. DESEÑO GRÁFICO DA INTERFACE DE USUARIO




## 3.1. Menú da aplicación

Contén o elemento sinalado no punto 1 da captura anterior, consta de:

- Inicio
- Procedementos Abertos
- Área Persoal

## 3.2. Área de traballo

Nesta sección visualizarase o contido principal da aplicación para realizar as xestións dispoñibles, dependendo da sección na que nos atopemos.

## 3.3. Menú de operacións

Contén os elementos sinalados no punto 3 da captura anterior de esquerda a dereita:

- **Avisos:** Mostra as notificacións existentes para o usuario que iniciou sesión.
- **Axuda:** lugar de onde descargar o manual de usuario para aclarar o funcionamento da aplicación.
- **Cambio do idioma:** modifica o idioma da aplicación entre galego e castelán.
- **Usuario:** Mostra os datos de inicio de sesión do usuario e permite realizar dúas accións relacionadas co usuario:




  - **O meu espazo:** modifica os datos do usuario conectado.
  - **Contactar:** mostra unha ventá emerxente cos datos do CAU en caso de precisar axuda.
- **Botón de saír:** permite o usuario desconectarse e saír da aplicación.

## 3.4. Pé da aplicación

Contén os elementos sinalados no punto 4 da captura anterior, a versión da aplicación actual e abre a modal de contacto para resolución de dúbidas.



# 4. FUNCIONALIDADES DO SISTEMA

## 4.1. Procedementos Abertos

Dende este menú buscanse os procedementos abertos para poder visualizalos e inscribirse nas poxas, mostra todos os procedementos.




Para aplicar un filtro e buscar por tipo de procedemento, por provincia e/ou por data premer no despregable que se mostra na imaxe, seleccionar os filtros desexados e a continuación premer en "Buscar".




Unha vez atopado o procedemento, para velo premer na icona  e para incribirse premer na icona 

Ó premer en "Ver", pode verse o detalle do procedemento:




Para inscribirse pode facerse directamente dende a icona  no listado de procedementos ou dende o botón "Inscribirse" que aparece cando se accede para ver o procedemento, as dúas opcións levan á lapela de "Inscrición en Procedemento(Sobre A).

# 4.1.1. Inscrición en Procedemento (Sobre A)

## 4.1.1.1. Datos da persoa solicitante

Introducir o NIF e premer en  comprobase que o NIF está dado de alta en RESFOR, cumprimentar os campos obrigatorios(marcados con *) correspondente ó solicitante e os do representante se é o caso, cando todo esté completo premer na parte inferior dereita en "Continuar"




## 4.1.1.2. Datos de notificacións

Indicar quen recibirá as notificacións que se realicen a través do Sistema de notificación electrónica Notifica.gal. Premer en "Continuar".



## 4.1.1.3. Datos do procedemento

Para seleccionar o lote ou lotes ós que se desexa presentar unha poxa, seleccionalos no cadro inferior, premendo no cadro de verificación correspondente ó lote. Premer en "Continuar".




## 4.1.1.4. Declaracións

Cumprimentar o formulario coas declaracións correspondentes e por último activar o cadro "Declaro todo o aquí exposto" situado na parte inferior dereita. Premer en "Continuar".



### 4.1.1.5. Documentación

Documentación necesaria para o procedemento.




- Seleccionar a documentación que se presenta e adxuntar os documentos correspondentes.




- Se xa foi presentada indicar o "Órgano", "Código do procedemento" e "Ano".




### 4.1.1.6. Comprobacións

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e pódese achegar unha copia do documento.



## 4.1.1.7. Protección de datos e lexislación aplicable




Premer en “Finalizar”, confirmará a solicitude para os lotes seleccionados e será necesario continuar coa cumprimentación da documentación necesaria para a presentación do Sobre B.

# 4.1.2. Presentación de ofertas (Sobre B)

## 4.1.2.1. Datos da persoa solicitante

Este proceso realizase por completo no navegador e tan só ata estar completamente finalizado é cando se enviará a oferta xunto cos datos do Sobre A. Ter en conta que, unha vez enviada a oferta, non se poderá cambiar de ningunha maneira, permanecendo encriptada e asegurada ata o día da apertura. Premer en "**Continuar**".




## 4.1.2.2. Declaracións

Cumprimentar o prezo da oferta e premer en "**Finalizar**"



### 4.1.2.3. Descarga das ofertas

Unha vez finalizada terá a opción de descargar as ofertas en formato PDF. _Será a única vez que terá esta opción_ e deberá premer no botón “Descargar os XX PDFs das ofertas”.

No caso de non querer descargar, deberá premer no botón “Ir a SEDE” para recoller a súa firma




Non poderá acceder a ningún outro módulo ata finalizar e firmar a oferta

# 4.2. Área Persoal

## 4.2.1. As miñas ofertas

Para consultar procedementos nos que se presentaron ofertas, introducir o código do procedemento e premer en na lupa.




Para facer unha busca avanzada premer en para que se despreguen máis opcións de busca, pódese filtrar por “Tipo de Procedemento”, Provincia e Data(Dende/Ata). Unha vez cumprimentados os filtros da busca premer en Buscar. Na parte inferior móstrase unha listaxe cos procedementos que cumpran os criterios do filtro.




## 4.2.2. Meus expedientes

Para consultar expedientes adxudicados, ao acceder por defecto xa aparece un listado de expedientes. Para facer unha busca avanzada seleccionar o campo ou campos polos que se quere filtrar e premer en Buscar.

Na parte inferior cárganse os expedientes que cumpran os criterios establecidos, para acceder a un expediente premer na icona correspondente ó expediente que queremos ver.




Ó acceder ó expediente poden consultarse os detalles do expediente.



# 5. Axuda

Acceso a documentación mediante a descarga do documento ou visualizando o vídeo de instrución



# 6. FAQ´S DO SISTEMA

- ✔ Se a opción “**Continuar**” non permite avanzar, indica que algún campo obrigatorio está pendente de cumprimentar ou contén datos erróneos.

# 7. ANEXO I: GLOSARIO DE TERMOS

Non aplica.